

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Á vista da Acta do Tribunal de selección para a contratación de persoal técnico como persoal laboral temporal para a realización de accións de orientación laboral durante 12 meses, ao abeiro da Subvención para a contratación de persoal técnico para a realización de accións de orientación laboral, concedida a este Concello xunto co Concello de A Veiga e Vilariño de Conso, ao abeiro da Orde do 23 de decembro de 2021 da Consellería de Emprego e Igualdade (TR331A).

De conformidade co artigo 21.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local e o artigo 33 do Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado aprobado polo Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo,

RESOLVO

PRIMEIRO. Aprobar a relación de candidatos baremados, segundo consta na Acta do Tribunal que se transcribe na súa literalidade:

**“ACTA DA SESIÓN DO TRIBUNAL DE SELECCIÓN PARA A
CONTRATACIÓN TEMPORAL DE UNHA PERSOA COMO PERSOAL
LABORAL DO CONCELLO DE VIANA DO BOLO, AO ABEIRO DA
SUBVENCIÓN CONCEDIDA POLA CONSELLERÍA DE EMPREGO E
IGUALDADE EN BASE Á ORDE DO 23/12/2021.**

Sendo as 10:00 horas do día 27 de setembro de 2022, reúnense baixo a Presidencia de M^a Isabel González Domínguez, os integrantes do Tribunal de selección que se constitúe para cubrir na modalidade de contrato laboral temporal a tempo completo, durante 12 meses de unha persoa como persoal técnico para a realización de actividades de orientación laboral no exercicio 2022 ao abeiro da concesión de subvención concedida pola Consellería de Emprego e Igualdade, que resulta o seguinte:

- Presidenta: M.^a Isabel González Domínguez.
- Secretaria: Milagros Vázquez Rivas.

Concello de Viana do Bolo

Rúa Constitución, 14, Viana do Bolo. 32550 (Ourense). Tfno. 988340120. Fax:



Cod. Validación: 5H8K29H4A7Z67561RY3WJWC7 | Corrección: <https://vianadobolo.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 3

- Vogais:
 - o primeiro vogal: Mónica Elexporu Antunez.
 - o segundo vogal: M.^a Dolores Barba Seoane.

PRIMEIRO.- Rematado o exame para a convocatoria mencionada, procédese a corrección das probas resoltas polas candidatas, resultando o seguinte:

NOME E APELIDOS	DNI	CONCURSO DE MÉRITOS	FASE OPOSICIÓN	RESULTADO
ANA ROSA VIEIRA ÁLVAREZ	3494****Y	8,25	5,60	APTO
MARÍA DE LOS ÁNGELES FERNÁNDEZ BLANCO	4508****R	8,25	2,10	NON APTO

Á vista do empate na fase de concurso de méritos, tívose en conta o establecido na base sétima das bases da convocatoria, “Como **criterio de desempate** de puntuacións, terase en conta en primeiro lugar a experiencia laboral e no caso de que o empate entre puntuacións persista, en segundo lugar terase en conta a formación. Entendendo en todo momento que se ten en conta tanto a experiencia como a formación que sobrepase os topos máximos puntuables.”

SEGUNDO.- Establécese un prazo de alegacións de 2 días hábiles a contar dende o día seguinte a publicación do presente resultado das probas, na sede electrónica do Concello e na súa páxina web, para máxima difusión.

TERCEIRO.- Expirado o prazo de alegacións, procederase á contratación da persoa que superou con éxito o proceso de selección, que deberá iniciar a prestación do Servizo de Orientación Laboral, en calidade de Orientadora Laboral, na data 14.10.2022.”

SEGUNDO. Establecer un prazo de alegacións de 2 días hábiles a contar dende o día seguinte da publicación do presente resultado das probas selectivas, na sede electrónica do Concello e na súa páxina web, para máxima difusión.

TERCEIRO. Transcorrido o prazo de alegacións, e sen que este produza cambios nos resultados anteriores, apróbase a contratación da candidata que superou con éxito o proceso de selección Ana Rosa Vieira Álvarez, como Orientadora Laboral do Servizo de

Orientación Laboral.

CUARTO. Dispor as cantidades ás que ascenden a retribucións da nomeada, por un total de 30.342,00€, que supoñen as retribucións anuais incluíndo o custo correspondente aos seguros sociais.

QUINTO. Notificar a presente resolución á candidata seleccionada, comunicándolle que deberá formalizar o contrato de traballo, nun prazo máximo de 10 días naturais desde a súa notificación, na modalidade regulada polo artigo 15 do Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro.

Do mesmo xeito, comunicáraselle que a súa incorporación ao posto de traballo será con data 14/10/2022.

Así mesmo, informáraselle achega do tratamento dos seus datos persoais e do compromiso de confidencialidade con ocasión da relación que se establece co Concello.

SEXTO. Comunicar ao Rexistro de Persoal, aos efectos oportunos.

SÉTIMO. Formalizado o contrato, comunicar á oficina pública de emprego que corresponda, no prazo do dez días seguintes á súa concertación.

OITAVO. Informar á representación legal dos traballadores, mediante entrega dunha copia básica dos contratos celebrados.

NOVENO. Dar conta da presente Resolución á Intervención e Tesouraría ós efectos oportunos.

DÉCIMO. Dar conta da presente Resolución ó Pleno da Corporación na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o Alcalde-Presidente, en Viana do Bolo na data que consta na sinatura electrónica deste documento. Dou fe.

Concello de Viana do Bolo

Rúa Constitución, 14, Viana do Bolo. 32550 (Ourense). Tfno. 988340120. Fax:

